


MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025



Xenocidio. Esta foi a Palavra do Ano 2025 en Galicia, por diante doutras palabras que nos doen, como lume; que nos preocupan, como loia; ou que nos fan felices, como foliada. Ningunha destas, tan nosas para bo e para o malo, definiu tanto o sentimento colectivo deses doce meses como o xenocidio do pobo palestino.

No 2025 vimos cousas que nunca deberían ter sucedido. E vimos esvaeerse a paz, a mesma que non nos cansamos de reivindicar dende a cooperación e que, a día de hoxe, falta en numerosos lugares do mundo. Algúns non saen nunca nas noticias. Outros, como R.D do Congo ou Sudán, saen un tempo. Outros, como Gaza, están no centro da información moito tempo, ata que pouco a pouco desaparecen...

Pasaron cousas tristes e descorazonadoras no 2025, pero tamén **cousas esperanzadoras como a solidariedade, a resposta cidadá, a implicación social... a xente que sigue apostando por construír un mundo máis xusto.** E nós mesmas, celebrando os 30 anos da Cooperación Galega e botando a vista atrás, descubrimos que -aínda que queda moito por facer- é moito tamén o feito neste tempo polos dereitos de todas as persoas, pola dignidade de todas as vidas.

Nun mundo complexo e inestable, hostil para cada vez máis persoas e no que a paz global é cada vez máis fráxil e vulnerable **é importante non perder os folgos, a convicción e o sorriso: son o fío vermello co que tecemos e sostemos as nosas alianzas.** As redes que se estenden por 23 países do mundo e que posibilitan que en moitos lugares personas, organizacións e comunidades poidan avanzar cara **contextos máis xustos, feministas, sostibles e en paz.**

Compostela, marzo de 2026



ÍNDICE

- Incidencia para o cambio social
- Fortalecimiento interno
- Xeración de alianzas
- Comunicación



INDICENCIA
PARA O CAMBIO SOCIAL

Compostela máis Solidaria

Celebramos entre abril e xullo a novena edición de Compostela máis Solidaria, en colaboración mediante convenio co Concello de Santiago, centrada en catro grandes citas: o encontro Compostela co Sur Global, a Escola de Activismos -con catro obradoiros celebrados en varios centros socioculturais da cidade-, un Escoitadoiro -co que o programa contribuíu ao Repositorio da Memoria Migrante que está a construírse en Galicia- e o Cine ao Aire Libre, con dúas sesións de curtametraxes no Casco Histórico e no barrio do Romão.

Cinco propostas dirixidas a poñer en valor a interculturalidade e a dotar á cidadanía de ferramentas fronte aos discursos de odio, ademais de poñer en valor a cooperación local, particularmente a exercida dende o Concello de Santiago.

Preto de 200 persoas participaron nelas.



Compostela co Sur Global, celebrada na Casa das Máquinas, permitiunos explicarlle de xeito directo á veciñanza, colectivos do terceiro sector e diversas organizacións locais en que consiste a cooperación ao desenvolvemento.

Fixémolo da man das organizacións que obtiveron a subvención municipal a proxectos de cooperación no exterior ese ano, tanto as ONGD galegas como das súas socias nalgúns dos países nos que se desenvolveron os once proxectos apoiados dende o Concello de Santiago.

Foi para moitas das persoas que asistiron a este encontro un primeiro contacto coa cooperación ao desenvolvemento pero, para moitas que xa tiñan un coñecemento previo, foi a primeira ocasión de escoitar á outra metade destes proxectos, grazas ás conexións en liña con organizacións en países do Sur Global que se levaron a cabo na xornada, que contou coa participación da concelleira de Dereitos Sociais, María Rozas.

[Vídeo-resumo do encontro](#)




A Escola de Activismos respondeu á preocupación -tanto da propia Coordinadora Galega de ONGD como de diversas organizacións- ante o aumento dos discursos de odio, que impactan especialmente na poboación migrante entre outros colectivos, e nas organizacións e entidades do terceiro sector.

A primeira edición da Escola, na que participaron 40 persoas, citou a entidades de referencia. Entre elas as galegas *Ecos do Sur*, que ofreceu un taller sobre como adaptar a mensaxe a audiencias cada vez máis polarizadas, e *Agareso*, que impartiu unha charla práctica sobre os discursos de odio vinculados especialmente ao machismo no eido de ensino secundario.

Completaron a programación da Escola o colectivo *La Intersección*, que ofreceu un obradoiro inaugural sobre as dinámicas que favorecen e espallan os discursos de odio ata facelos virais e asentados no relato colectivo, e a *Fundación porCausa*, que ofreceu unha charla sobre a narrativa das migracións. Cómpre destacar que foi nesta charla, a única que levaba a palabra "migracións" no seu enunciado, onde tivo lugar un incidente cunha persoa que acudiu á cita expresamente para boicoteala e intimidar á relatora e á organización.

Deixamos constancia disto na memoria porque foi a primeira vez que nos sucedeu algo deste tipo e o entendemos como algo que vai máis alá dunha lementable anécdota, xa que evidencia o nivel de intransixencia e hostilidade co que algúns grupos están tratando de situar o seu relato -contrario ás persoas migrantes e aos dereitos de todas as persoas- na esfera pública.





A situación vivida no obradoiro da Fundación por Causa levounos a tomar a decisión de celebrar o [Escoitadoiro](#) con persoas migrantes a porta pechada e só con convite previo. Participaron como relatoras persoas migrantes en diferentes situacións (apátrida, demandante de asilo, refuxiado, migrante por vontade propia...) e como recolectoras das súas historias un grupo conformado por persoas migrantes e non migrantes, no que resultou unha experiencia enriquecedora para todas.



Escoitadoiro

Conversas e coñecementos compartidos arredor das migracións



De qué trabaxabais en vuestro país?

- tenía experiencia como camarero, barista, manager y catering
- ture mi propio café
- agora quero hacer cine documental de cada ciudad de Galicia

¿A que te dedicabas?

- soy deportista profesional
- jugué al rugby en alto nivel
- luego entrene los equipos juveniles

APRENDEMOS ESPAÑOL EN LA ESCUELA DE IDIOMAS

¿Cómo hacen para mantener las costumbres aquí, con las limitaciones que tienen?

¿Cómo fue el tema cole? estuve en varios pero fue muy difícil.

- aprendí la lengua solo
- algunos lo logran, otros no
- si entran a Marruecos como apátrida tendrían problemas en la frontera

¿Y ahora, como estás, notas un cambio?

- sigo en lo mismo pero trabajo como externa con mejores condiciones

¿Cómo es tu día a día en Galicia?

- trabajo en una agencia de comunicación Argentina-México
- esto lo aprendí trabajando
- hago muchas cosas, en Argentina estamos acostumbrados -
- LA PRÁCTICA DEL HACER 'tenemos escuela práctica'


¿viajar y moverse es un derecho humano?

AQUÍ SIEMPRE SERÁS MIGRANTE

¿cómo hacen para mantener las costumbres aquí, con las limitaciones que tienen?

- cenamos y almorzamos en el suelo en nuestro país; aquí no tenemos que acostumbrar a sentar en la silla, poner pantalones
- tuvimos que aprender

ahora mismo estamos en situación difícil: para alquilar un piso, por ejemplo, la opción tendría que ser?



Escoitadoiro

Conversas e coñecementos compartidos arredor das migracións



¿Cómo es tu día a día en Galicia?

- trabajo en una agencia de comunicación Argentina-México
- esto lo aprendí trabajando
- hago muchas cosas, en Argentina estamos acostumbrados -
- LA PRÁCTICA DEL HACER 'tenemos escuela práctica'

¿viajar y moverse es un derecho humano?

AQUÍ SIEMPRE SERÁS MIGRANTE

¿cómo hacen para mantener las costumbres aquí, con las limitaciones que tienen?

- cenamos y almorzamos en el suelo en nuestro país; aquí no tenemos que acostumbrar a sentar en la silla, poner pantalones
- tuvimos que aprender

ahora mismo estamos en situación difícil: para alquilar un piso, por ejemplo, la opción tendría que ser?

¿cómo hacen para mantener las costumbres aquí, con las limitaciones que tienen?

- cenamos y almorzamos en el suelo en nuestro país; aquí no tenemos que acostumbrar a sentar en la silla, poner pantalones
- tuvimos que aprender

ahora mismo estamos en situación difícil: para alquilar un piso, por ejemplo, la opción tendría que ser?





En xullo, aproveitando o bo tempo e en convivencia coa programación da cidade arredor das Festas do Apóstolo, celebramos dúas sesións de **cine ao aire libre**. Unha delas, no xardín interior do centro sociocultural Maruxa e Coralia, situado na Zona Vella, e outra no parque contiguo ao centro cívico do Romáño, entre os barrios do Romáño e Vistalegre, na zona norte da cidade.

A actividade xuntou entre as dúas sesións a 60 persoas, na súa meirande parte familias con nenos e nenas de diversas idades, que puideron achegarse dun xeito ameno á migración, o cambio climático, os dereitos dos nenos e nenas, o feminismo ou o valor do voluntariado a través de títulos como “Un señor indiferente”, “Abuela Grillo”, “Un día de campo”, “Migrants” ou “Shattered” e das correspondentes explicacións coas que darlle contexto a todas estas pezas audiovisuais.



Queremos destacar especialmente a **colaboración nesta actividade da Asociación Palestina de Sevilla**, que nos facilitu os permisos necesarios para a proxección da curtametraxe “Yo soy de Palestina”.

Somos Ponte

Celebramos entre outubro e decembro a **terceira edición de Somos Ponte**, en colaboración mediante convenio coa Deputación de Pontevedra.

Nesta ocasión, apostando polos encontros para seguir dando a coñecer a cooperación ao desenvolvemento, aproveitando a presenza en Galicia de persoas - neste caso de Honduras e Guatemala- vinculadas a proxectos de organizacións sociais. Por tanto, a súa presenza e a súa participación foi o eixo principal deste programa, que -como nas dúas edicións anteriores-, se baseou no lema **Compromiso local, xustiza global**.

O primeiro destes encontros foi **Cando a cooperación sanda**, na que as protagonistas foron as enfermeiras Yesenia Dolores Saucedo e a pontevedresa Alia del Río, participantes da Estratexia Coresi que impulsan as organizacións galegas Sólida, Solidariedade Galega e Solidariedade Internacional de Galicia de par da hondureña Sur en Acción, dirixida por Mario Pinel, que tamén participou na xornada.



O segundo dos encontros da terceira edición de Somos Ponte tivo como protagonista á defensora de dereitos Juventina López (Guatemala), aproveitando a súa estancia na nosa comunidade ao abeiro do programa de acollida temporal a defensoras de dereitos humanos Galicia Abriga.

Con ela celebramos o encontro [Coidar da auga, facer comunidade](#), na que vinculamos a súa experiencia á das comunidades de traída rurais da provincia de Pontevedra.



Para iso, estreouse o documental “Abuela Agua”, no que ela é unha das protagonistas, e celebráronse dous coloquios: o primeiro, no que Juventina explicou a importancia e o significado da auga para a comunidade maia man da que ela é líder comunitaria e espiritual, e un segundo coloquio no que participaron representantes das comunidades de traída máis recoñecidas da provincia polas súas boas prácticas e na que se puido vincular esta actividade comunitaria ao saber da rega tradicional galega, en vías de candidatarse a patrimonio inmaterial da humanidade da Unesco.



O cinema tivo un peso importante nesta terceira edición de Somos Ponte. Á xa mencionada estrea do documental "Abuela Agua" engadímoslle sesións de cine ambulante, que levaron as nosas curtas con mensaxe e valores ata o auditorio da Casa do Mar de Bueu, coincidindo coa programación do 25 de Novembro, e ata o Concello de Forcarei, dentro do programa de actividades da súa Festa da Richada.

As proxeccións remataron cunha partida colectiva ao noso trivial dixital Ponte ao Día!, que renovou para a ocasión o seu catálogo de preguntas e respostas.

Máis de 100 persoas asistiron ás actividades desta terceira edición de Somos Ponte.



Campaña en solidariedade co pobo palestino

No comezo do verán comezamos a pensar en posibles maneiras de relanzar a nosa [campaña #SandíasPolaPaz](#), activada en novembro de 2023. Percibiamos o enfado, pero tamén a desmobilización das persoas ante a imposibilidade de influír nas decisións políticas que estaban a permitir a execución impune dun xenocidio practicamente televisado.

Comezamos a traballar na idea de acompañar a xa coñecida chapa da sandía doutra, cun novo elemento. Así chegamos -sempre co contraste de organizacións socias con proxectos no terreo, coñecedoras das circunstancias pero tamén da cultura palestina- ao [tatreez](#). O [bordado tradicional](#), símbolo de resistencia e sororidade, por ser as mulleres as coidadoras deste saber e, por tanto, da cultura do seu pobo.

E, a partir da idea do bordado, xurdiu a cartelería común para ambas chapas, acompañada dun texto que trasladaba o posicionamento da Coordinadora fronte ao xenocidio do pobo palestino, facendo un chamamento á solidariedade e á mobilización cidadá.

A nosa previsión era lanzar esta campaña renovada a comezos de setembro, na véspera do comezo do curso escolar.



SANDÍAS POLA PAZ

Foi o propio pobo palestino quen popularizou a sandía como símbolo de protesta e de resistencia trala Guerra dos Seis Días (1967), cando Israel prohibiu a exhibición da súa bandeira.

A sandía, cultivada dende Jenin ata Gaza, comparte as mesmas cores que a bandeira palestina e impúxose como símbolo de resistencia fronte á prohibición israelí, que se levantou finalmente en 1993 no marco dos Acordos de Oslo. Nese tempo, consolidouse tamén como mostra de solidariedade co pobo palestino en todo o mundo.

Mobilicémonos e visibilicemos o noso apoio ao pobo palestino: Como cidadanía non podemos permitir que a indiferenza e a complicidade ante un xenocidio se instalen como norma. Non podemos aceptar que os líderes europeos e mundiais observen en silencio mentres unha poboación enteira desaparece baixo as bombas, os cascallos, a fame e o abandono. **Canto máis ten que sufrir un pobo para esperar a acción internacional?**

Mobilicémonos, fagamos presión sobre os nosos representantes políticos, rexistemos produtos e empresas que sacan proveito desta situación, visibilicémos por todos os medios posibles o noso apoio ao pobo palestino.

Queres saber como facelo ti tamén? Apunta a este código QR.



COORDINADORA GALEGA DE ONG
para o Desenvolvemento



BORDAR PALESTINA

O tatreez ou bordado tradicional palestino é un saber en mans principalmente de mulleres que pasa de xeración en xeración. É cultura e identidade, pero tamén memoria, sororidade e resistencia.

De xeración en xeración e principalmente entre mulleres, a arte do tatreez, declarada Patrimonio Cultural Inmaterial pola UNESCO en 2021, mantén dende hai séculos a memoria e a cultura palestinas. A súa práctica non só implica un oficio ou un saber, senón que ofrece unha dimensión social e comunitaria con importante pouso de sororidade: o que constrúen mulleres que bordan xuntas e que resisten, coidando a historia e a identidade do seu pobo.


Mobilicémonos e visibilicemos o noso apoio ao pobo palestino: Como cidadanía non podemos permitir que a indiferenza e a complicidade ante un xenocidio se instalen como norma. Non podemos aceptar que os líderes europeos e mundiais observen en silencio mentres unha poboación enteira desaparece baixo as bombas, os cascallos, a fame e o abandono. **Canto máis ten que sufrir un pobo para esperar a acción internacional?**

Mobilicémonos, fagamos presión sobre os nosos representantes políticos, rexistemos produtos e empresas que sacan proveito desta situación, visibilicémos por todos os medios posibles o noso apoio ao pobo palestino.

Queres saber como facelo ti tamén? Apunta a este código QR.



COORDINADORA GALEGA DE ONG
para o Desenvolvemento



Pero dende que nós comezamos a traballar na campaña ata o seu lanzamento pasaron varias cousas que repercutiron na enorme acollida das chapas.

O 22 de agosto, a ONU confirmou de xeito oficial algo do que levaban semanas alertando numerosas organizacións: a fame extrema asolaba Gaza como consecuencia do impedimento de Israel á distribución de axuda humanitaria e comezaron a chegar as imaxes dos nenos e nenas agonizando pola desnutrición. Tamén neses días comezou a Volta a España, cun equipo financiado por Israel que percorreu estradas e localidades do Estado español xerando un malestar cidadán que foi medrando como unha bola de neve e que viña precedido por episodios nos meses previos, en citas deportivas ou de entretemento nas que Israel puidera participar -como estaba a ocorrer na proba ciclista- con total normalidade pese ás protestas. Isto, sumado a meses de desidia de boa parte da clase política internacional, amparada no mellor dos casos nun recorrente “deeply concerned”, reactivou a indignación social, converténdose en algo transversal a idades, crenzas ou ideoloxías políticas.

Da man do comercio local, de actividades de organizacións cívicas, de festivais grandes e pequenos (incluída a alfombra vermella do [Festival de San Sebastián da man do filme galego San Simón](#)) as chapas espalláronse durante o mes de setembro rapidamente por diversas localidades.

Dende a Coordinadora Galega de ONGD distribuímos máis de 5.000 chapas, con especial incidencia na véspera da [gran manifestación do 5 de outubro](#), na que o cidadanía galega saiu ás rúas para reclamar a fin do xenocidio.



En paralelo a campaña arredor das chapas en solidariedade co pobo palestino desenvolveuse tamén en redes.

Fixémolo con dous sinxelos post iniciais: [Por que a sandía?](#) e [Por que o tatreez?](#), ao que seguiron algúns post con frases de persoas relevantes no eido dos dereitos humanos apelando á implicación e á participación cidadá.



Como dato do sentimento solidario e da implicación social experimentado no momento do lanzamento da campaña son os resultados destes post, superiores a calquera outra publicación ou campaña en redes desenvolta con anterioridade pola Coordinadora.

Como exemplo a publicación Por que a sandía? superou en poucas semanas o millón de visualizacións en Instagram, sumando máis de 2.200 interaccións e chegando a milleiros de contas, na súa meridande parte (88%) de personas que non seguían á Coordinadora nesta rede social.



**“ Nós, a xente,
marcamos a diferenza:
pode parecer imposible
ata que se fai posible,
pero para iso
hai que participar
na vida pública
e non delegar. ”**

Francesca Albanese



Por que a sandía?



Por que o tatreez?



FORTALECIMENTO INTERNO



Sinatura do convenio anual coa Xunta de Galicia

En abril formalizamos o convenio anual de colaboración coa Xunta: un compromiso recollido no V Plan Director da Cooperación Galega que ten como obxectivo fortalecer ás ONGD.

Este fortalecemento significa poder traballar máis e mellor na defensa dos dereitos humanos e na loita contra a pobreza nos 23 países nos que as organizacións de desenvolvemento galegas actualmente teñen presenza.

A sinatura do convenio estivo precedida dunha xuntanza co conselleiro de Presidencia, Diego Calvo, e o seu equipo para unha posta en común do feito nos últimos meses e dos retos dos vindeiros.



Incorporamos a dúas novas socias

A Coordinadora Galega de ONGD celebrou en maio a súa **assemblea xeral ordinaria**, coa asistencia de boa parte das organizacións socias e cunha idea clara: "Sentirnos satisfeitas, como plataforma, polo que temos acadado neste último ano, pero sen perder de vista que a situación que estamos a vivir é complexa e delicada".

Segundo explicou María Paz, presidenta da Coordinadora, estanse a dar "pasos atrás relevantes e significativos", tanto no contexto de Estado español como no Sur Global co que traballa a cooperación galega. Neste sentido, a apertura de assemblea xeral serviu para repasar cuestións "que nos preocupan e ocupan", como a situación concreta de El Salvador e, en xeral, a persecución das defensoras e defensores de dereitos e os ataques aos liderados en diversos países e contextos.

Nese sentido, a Coordinadora reivindicouse na assemblea como unha plataforma capaz de dar apoio e de buscar solucións a través dunha sólida rede, que parte das súas organizacións socias. **Un grupo formado neste momento por 49 ONGD, coa incorporación -trala correspondente votación positiva da assemblea- de Fundación Mozambique Sur e AGA Ucraína.**



Formacións, grupos de traballo e espazos de reflexión

Como todos os anos, a Coordinadora Galega de ONGD ofreceu aos equipos -directivos, técnicos e voluntariado- das súas organizacións sociais a posibilidade de **abonar matrículas en formacións** relacionadas coa mellora das capacidade e coñecementos vinculados ao desempeño do traballo en cooperación. Algo do que, no 2025, se beneficiaron 11 persoas de 8 organizacións. Pero, ademais, impulsou **formacións propias**, abertas nalgúns casos a outros colectivos pero con inscrición preferente para as 49 ONGD socias.

É o caso do **curso de boas prácticas na xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento**, impartido polas organizacións sociais Solidariedade Internacional de Galicia, Arquitectura sen Fronteiras e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP), con amplo percorrido e bos resultados neste ámbito e que compartiron coñecementos, experiencias e recursos á hora de deseñar, formular e xestionar proxectos con técnicas e voluntariado de diversas organizacións galegas.

No seu programa de formacións anuais a **Coordinadora priorizou ás organizacións consideradas menos fortalecidas**, para dotalas de ferramentas para un maior e mellor desenvolvemento da súa acción.

É o caso de propostas como o curso de fontes de financiamento privado, no que algunhas organizacións como AGA Ucraína, Fundación Mozambique Sur ou Semilla para el Cambio compartiron os seus coñecementos e prácticas. Ou o curso de comunicación, que por preferenza das socias acabaría celebrándose xa no 2026, pero cuxo programa e inscrición se ofreceu xa neste ano.



Ao longo do 2025 xeráronse varios espazos de reflexión arredor de cuestións diversas, entre elas as novas convocatorias da Xunta de Galicia. Algúns destes espazos foron xestionados dende a secretaría técnica da Coordinadora e noutros contouse con axuda externa.

Foi o caso, por exemplo, do proceso de reflexión de recollida de achegas sobre a nova convocatoria de programas de Educación para a Cidadanía Global (ECG) que, por ser a primeira convocatoria destas características, se quixo deseñar incorporando a visión das ONGD expertas nesta área para evitar expectativas erróneas e garantir unha convocatoria útil, realista e complementaria á xa existente de proxectos de ECG. Este proceso estivo liderado pola consultora AoPaso. Nel participaron activamente representantes de 12 organizacións, ademais da propia secretaría técnica da Coordinadora, e serviu para facilitar información concreta da convocatoria e recoller preguntas e achegas coas que, dende a Xunta, acabar de pechar a proposta.

A Coordinadora impulsou tamén a participación das organizacións socias reestruturando a organización interna. Froito desta reformulación, a Coordinadora mantén a comisión de normativa -obrigatoria, ademais, por mandato estatutario- e incorpora tres grupos autoxestionados co apoio puntual da secretaría técnica: grupo de ONGD pequenas ou menos fortalecidas, grupo de alianzas e grupo de modernización da cooperación galega.

Na enquisa de avaliación anual que a Coordinadora Galega de ONGD comparte soas súas socias para poder cuantificar o grao de desenvolvemento dos obxectivos anuais, formacións e espazos de reflexión foron valorados entre 4 e 5 puntos (sobre 5) polo 92,3% das persoas. Coa mesma puntuación valorou un 80% a atención a organizacións menos fortalecidas mentres que un 92,3% valorou cun 5 -a nota máxima- a resposta da Coordinadora ás demandas de asesoramento ou resolución de dúbidas.

XERACIÓ **DE ALIANZAS**



Mudámonos a un espazo compartido con terceiro sector e economía social galega

Comezamos o 2025 cunha mudanza, deixando a nosa oficina no coworking da compostelá Avenida Rodríguez de Viguri e instalándonos nun novo espazo no centro de Santiago, no que confluímos varias organizacións que temos o social como nexo de unión.

Por unha banda Espazo Coop, a unión de cooperativas de Galicia, emblema da economía social galega. Por outro Fiare, representante da banca ética, a rede da economía alternativa e solidaria REAS Galicia e as compañeiras de EAPN-Galicia, a rede galega contra a pobreza. E nós mesmas!

Neste coworking temos a nosa propia oficina e compartimos espazos coas compañeiras doutras organizacións, como a sala de xuntas, na que celebramos encontros e reunións.

Nesta nova oficina temos a nosa sede como organización.

Estamos na rúa República do Salvador, 3, 2ºD.
Chama antes de facernos unha visita!





A nosa nova sede serviunos tamén para acoller e celebrar encontros de todo tipo, entre eles os que nos axudaron a tecer rede con outras organizacións do Estado español e de países do Sur Global.

Trabajo en rede



A Coordinadora Galega de ONGD forma parte da Rede de Coordinadoras Autonómicas de ONGD e da Coordinadora Estatal de Organizaciones para el Desarrollo, participando de propostas de fortalecemento e acción conxuntas e de órganos de decisión, como as asembleas. E en encontros nos que aprender xuntas e trazar liñas colectivas de acción e poñer as bases de estratexias conxuntas. Este ano, tanto o [XX Encontro de Coordinadoras Autonómicas para o Desenvolvemento](#) como o encontro previo de presidencias da Rede celebráronse en Madrid, nun formato máis breve que o de anos anteriores que serviu para poñer o foco, principalmente, nos discursos de odio e nos ataques contra a cooperación ao desenvolvemento e os valores que defende.



COMUNICACIÓN

Algunhas notas do que fixemos no 2025

O 2025 foi o primeiro ano en vigor do novo Plan de Comunicación da Coordinadora, refrendado pola Xunta Directiva no comezo do exercicio, e un ano de novidades e probas nas redes sociais: trala saída de X, incorporamos alternativas que nos serviron non só para posicionar á Coordinadora en novos espazos dixitais, senón para probar novos modelos de comunicación.

Foi tamén un ano no que optamos por optimizar esforzos, priorizando o cualitativo -especialmente nas accións de comunicación con causa- fronte ao cuantitativo. Dentro desa aposta seguimos coidando na medida das nosas posibilidades o trato directo cos medios, tratando de facilitarlles contidos, contactos e propostas para axudar a que os impactos en prensa equilibraran calidade (reportaxes, entrevistas,...) e cantidade (citas de axenda, reprodución literal de notas de prensa,...). Froito deste traballo incorporamos novos contactos e novas alianzas coas que seguir tecendo rede!

O 2025 foi o ano tamén da consolidación da comunicación interna da Coordinadora e, moi especialmente, o ano no que a comunicación con causa, nese caso vinculada á reclamación da fin do xenocidio contra o pobo palestino, nos fixo conectar a pé de rúa coa cidadanía, a través das chapas das #sandíaspolapaz, pero acadando tamén un enorme impacto con esta iniciativa en redes sociais, conectándonos con novos sectores e colectivos.



A nosa comunicación en datos

En canto á **comunicación interna da Coordinadora**, enviáronse 49 boletíns a socias, de carácter semanal na súa meirande parte, calificadas en ordinarias e urxentes ou importantes, en función do seu contido, e cartas da xunta directiva.

Mira esto no teu navegador.

COORDINADORA GALEGA DE ONG para o Desenvolvemento 11 de novembro de 2025

CIRCULAR INTERNA

Boa tarde,

compartimos contigo os borradores das bases de Proxectos no Exterior e Acción Humanitaria 2026 da Xunta coa documentación correspondente, así como información de convocatorias recentes e un par de propostas para esta semana.

Tramitación anticipada de gasto a comezos de ano

Temos un prazo limitado para trasladarlle á Xunta as posibles **achegas sobre bases de Proxectos no Exterior e Acción Humanitaria 2026**.

Por iso **tes ata o martes 18 de novembro ás 11:00 para incorporar os teus comentarios sobre os documentos:**

[Accede dende aquí á documentación](#)

Se ben nas bases verás que non hai grandes cambios (están sinalados en vermello), o que si é importante é ter en conta que **a intención da Xunta é que estas**

Mira esto no teu navegador.

COORDINADORA GALEGA DE ONG para o Desenvolvemento 28 de outubro de 2025

CARTA DA XUNTA DIRECTIVA



Bo día!

O pasado **10 de outubro** celebramos unha reunión da **Xunta Directiva** e da **Secretaría Técnica**, co obxectivo de facer un pequeno balance do feito no verán e ata setembro, antes de entrar de pleno en acción a principios de 2026. Tamén nos

Mira esto no teu navegador.

COORDINADORA GALEGA DE ONG para o Desenvolvemento 12 de decembro de 2025

CIRCULAR SEMANAL

Bo día,

aproveitamos este correo para lembrarche un par de cuestións importantes que comentamos [na circular anterior](#) e para compartir tamén algunhas cousas que fixemos estas últimas semanas. Pero antes, **queremos convidarte a un encontro que terá lugar á volta de Reis, para que poidas gardar a data ;)**

"Non se pode descolonizar sen despatriarcalizar", con María Galindo (Mujeres Creando) en Compostela

Comezamos o ano cun **encontro con María Galindo, do colectivo feminista Mujeres Creando (Bolivia)**, que ofrecerá unha primeira aproximación á teoría e proposta de despatriarcalización.

Será de 11:30 a 14:00 no Museo do Pobo Galego (Compostela) e para un número limitado de persoas, con




Esta comunicación formal complétase cun grupo nunha canle de mensaxería da que participan actualmente 68 persoas -relacionadas coa meirande parte das 49 organizacións socias- e na que se reforzan, por parte da secretaría técnica, os contidos comunicados nas circulares e na que as organizacións, de maneira autónoma, comparten dúbidas e solucións a diversas cuestións ou convites a actividades de sensibilización ou formacións.

A comunicación externa da Coordinadora artéllase en canles dixitais e relación cos medios.

No que respecta ás canles dixitais, a web da Coordinadora mantivo en liñas xerais o nivel de publicacións do ano anterior e tamén o número de usuarios, que incrementaron o tempo medio de estancia nos contidos:

ARTIGOS E PÁXINAS PUBLICADOS	47
AXENDA DE ACTIVIDADES E FORMACIÓNS	25
OFERTAS DE EMPREGO	5
CONVOCATORIAS	16
TOTAL CONTIDOS DA WEB 2025	93

Segundo as métricas obtidas no peche do 2025, a web rexistrou 2.316 usuarias que xeraron 35.000 interaccións cos contidos publicados. O seu tempo medio de estancia neles foi de 2'27"



A analítica da web sitúa entre os contidos máis vistos as ofertas de emprego, a páxina "Como tecer solidariedade co pobo palestino" e a actividade do proxecto Compostela máis Solidaria "Participa na nosa Escola de Activismos"

En 2024 decidiuse a saída da Coordinadora da rede social X. A Coordinadora Galega de ONGD decidiu suspender a súa actividade nesta plataforma debido ao aumento da toxicidade, a difusión de contidos que atentan contra os dereitos humanos e a falta de visibilidade para perfís como o noso. A cambio incorporámonos, por recomendacións de distintos expertos en comunicación, en BlueSky e LinkedIn. Así, nestes momento a Coordinadora Galega de ONGD, está nestas dúas redes, ademais de Instagram e Facebook.

Os nosos obxectivos eran manter o número de seguidores e taxas de interacción actuais en Facebook e Meta e en acadar -alomenos- 100 seguidores neste primeiro ano en LinkedIn e acadar unha taxa media de interacción anual próxima ao 2%, así como en acadar un equilibrio entre contas seguidas e contas seguidoras en BlueSky, onde establecemos como obxectivo iniciar unha nova comunidade cos ritmos desta canle, moito máis pausados que as anteriores que citamos ou X.



Finalizado o exercicio, consideramos á vista dos datos que acadamos os obxectivos. A nivel cuantitativo:

Redes e seguidoras	2025	2024	2023
Facebook	3.257	3.236	3.225
Instagram	1690	1352	1.095
BlueSky	140 -	-	
LinkedIn	206 -	-	

Por que a sandía?

Ver insights [Promocionar publicación](#)

1.656 5 68 225



A nivel cualitativo, observamos unha maior interacción tanto en Instagram -especialmente relacionada coas actividades de Compostela máis Solidaria e de xeito especialmente chamativo coa campaña en solidariedade co pobo palestino- como en LinkedIn, onde a taxa de interacción acadada superou amplamente o 2% previsto. Isto débese ao alto índice de interaccións (comentarios, compartidos e moi especialmente recomendacións de contidos) das publicacións, que alcanzaron a case 6000 usuarias e preto de 12.000 impresións

Pensando nos **medios de comunicación**, ao longo do 2025 seleccionamos eixos temáticos sobre os que profundar máis a nivel comunicativo de acordo aos acontecementos do ano e as cuestións que consideramos máis interesantes estratéxicamente. **Palestina** foi claramente un dos nosos focos principais, pero tamén a **situación das defensoras de dereitos**, cada vez máis acosadas e perseguidas, **o traballo das ONGD galegas no mundo** ou os **30 anos de cooperación galega**.

Para facilitar o interese dos medios, nos que percibimos cada vez unha menor capacidade -por tempos, coñecementos concretos no noso ámbito e escaseza de persoal- de elaborar contidos propios, ofrecemos propostas de reportaxes con contactos e entrevistas pechadas e materiais comunicativos (textuais e gráficos) moi desenvolto. En paralelo, afondamos nas relacións de proximidade con aqueles medios máis receptivos a esta estratexia facilitadora, primando o trato directo para ofrecer reportaxes coidadas sobre o envío masivo de notas de prensa, que mantemos en función das necesidades comunicativas .

Froito desta estratexia obtivemos un impacto cuantitativo menor o que no 2024 (**30 impactos en medios** fronte a 50 do ano anterior), motivado por dúas cuestións: a redución de persoal no equipo de comunicación da Coordinadora, que limitou as posibilidades de xestións e facilitación de materiais para as publicacións, e a ausencia de proxectos de perfil comunicativo, como Futuro en Común ou o Premio Galego de Educación, que xeraron numerosos impactos en medios no 2024.

Porén, dende unha perspectiva cualitativa consideramos que acadamos o obxectivo de mellorar a nosa presenza en medios e por tanto a nosa proxección cara a cidadanía, xa que no 2025 conseguimos posicionar varias entrevistas e reportaxes amplos, de alcance, ademais das convocatorias e notas de prensa habituais.





**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento